

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

Texto

Xa existe, eu estiven alí. É feo, é triste e, sobre todo, inspira moito noxo, moita vergoña, ningunha fe na condición humana. Hai case 10 anos, catro mulleres saímos de Tijuana nun coche camiño de Puerto Nuevo, un barrio de Rosarito famoso polas súas lagostas, que se serven con tortillas de millo, arroz e feixóns. Lembro aquel día como unha experiencia feliz, luminosa, embazada tan só polo muro que aparecía e desaparecía da nosa vista como un insulto interminable. Mírao, as miñas amigas mexicanas sinalábano co dedo, aí está. Na zona onde o vin, é un valo de metal escuro, oxidado, duns 10 metros de altor, que penetra no mar e cabalga sobre as lombas, sen outro adorno que unhas cruces de madeira cun nome escrito enriba. Os mexicanos, con ese sentido do humor tan seu, capaz de converter a morte nunha Catrina esvelta e sedutora, chámano “o muro da tortilla”, porque os coitados que se atreven a rubir por el, reciben unha descarga eléctrica que os deixa fritos. Entrementres, os habitantes de San Diego pasan a fronteira a diario nos seus coches, para comprar en Tijuana sexo, drogas, alcol ou viagra, e volver de madrugada, saltando as esgotadoras colas que os seus criados, os seus empregados, soportan a diario na aduana para ir traballar. Este é o muro que Trump prometeu ampliar para que supere as dimensións da Gran Muralla chinesa e se vexa mellor desde o espazo exterior, pero xa existe. Está aí desde 1994, e sinto parecer rosmona, pero o presidente que emprendeu a súa construción chámase Bill Clinton. Ás persoas que escribiron o nome dos seus seres queridos sobre unha cruz de madeira, importoulles pouco que a súa muller perdese as eleccións.

Almudena Grandes (*O País*, 14/11/2016-traducido)

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]
2. Resuma, nunha extensión aproximada de 150 palabras, o contido do texto, sinalando as ideas principais e secundarias deste. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de forma argumentada e razoada, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. [6 puntos]

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

Texto

Ya existe, yo he estado allí. Es feo, es triste y, sobre todo, inspira mucho asco, mucha vergüenza, ninguna fe en la condición humana. Hace casi 10 años, cuatro mujeres salimos de Tijuana en un coche camino de Puerto Nuevo, un barrio de Rosarito famoso por sus langostas, que se sirven con tortillas de maíz, arroz y frijoles. Recuerdo aquel día como una experiencia feliz, luminosa, empañada tan solo por el muro que aparecía y desaparecía de nuestra vista como un insulto interminable. Míralo, mis amigas mexicanas lo señalaban con el dedo, ahí está. En la zona donde lo vi, es una valla de metal oscuro, oxidado, de unos 10 metros de altura, que penetra en el mar y cabalga sobre las lomas, sin otro adorno que unas cruces de madera con un nombre escrito encima. Los mexicanos, con ese sentido del humor tan suyo, capaz de convertir a la muerte en una Catrina esbelta y seductora, lo llaman “el muro de la tortilla”, porque los desgraciados que se atreven a trepar por él, reciben una descarga eléctrica que los deja fritos. Mientras tanto, los habitantes de San Diego pasan la frontera a diario en sus coches, para comprar en Tijuana sexo, drogas, alcohol o viagra, y volver de madrugada, saltándose las agotadoras colas que sus criados, sus empleados, soportan a diario en la aduana para ir a trabajar. Este es el muro que Trump ha prometido ampliar para que supere las dimensiones de la Gran Muralla china y se vea mejor desde el espacio exterior, pero ya existe. Está ahí desde 1994, y siento ser una aguafiestas, pero el presidente que emprendió su construcción se llama Bill Clinton. A las personas que escribieron el nombre de sus seres queridos sobre una cruz de madera, les habrá traído sin cuidado que su mujer haya perdido las elecciones.

Almudena Grandes (*El País*, 14/11/2016)

1. Indique, en una frase de no más de 25 palabras, cuál es el tema principal que se trata en el texto. [2 puntos]
2. Resuma, en una extensión aproximada de 150 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en él se expresan. [6 puntos]